

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE XANEIRO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de xaneiro de dous mil once a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de xaneiro do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **EXPEDIENTE 06/03/2009/1646-L/53 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

“Visto o escrito de Don Juan C. González Loeda en representación de CONSTRUCCIONES BOPORTE S.L. onde solicita licenza de primeira ocupación para edificio sito na Carretera de Francelos nº 36.

**Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 12 de xaneiro do 2011** no que se fan as seguintes consideracións:

*“Me ratifico en el informe de 27 de diciembre de 2010 RE N° 7150, informe que es favorable”.*

**Consta Informe Xurídico de data 17 de xaneiro de 2011 con carácter favorable.**

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**Primeiro.- Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Don Juan C. González Loeda en representación de CONSTRUCCIONES BOPORTE S.L. para edificio sito na Carretera de Francelos nº 36.**

**Segundo.-**Comunicar o presente acordo ao interesado.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

#### DEVOLUCIÓN DE AVAL.-

Visto o escrito presentado por Don Jaime castro Trillo, en representación da empresa Jaime Castillo Trillo y otra, S.C., sobre devolución de aval ante las obras de “Acondicionamiento de local para Sala de Ensaio”, por importe de 3.343,36 €, a Xunta de Goberno Local, comprobado que xa transcurriu o prazo legal previsto e visto o informe técnico de data 7 de xaneiro de 2011, acorda por unanimidade dos seus asistentes a devolución do citado do aval por importe de 3.343,36 € .

#### INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Ernesto Fernandez Fernandez en representacion de CAFRE DISEÑO S.L.**, con domicilio a efectos de notificación en Camiño Escola Vella, Sampaio, con número de rexistro de entrada 7173. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 17.01.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Viñas do Camiño 4, Sampaio (Ref. Catastral 2440802NG7823N0001QX-Parcela 164 Poligono 45 de rustica), a solicitude de **Don Ernesto Fernandez Fernandez en representacion de CAFRE DISEÑO S.L.**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Margarita Fernandez Martinez**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Ribeiro n ° 67, 4º D, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 6609. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 12.01.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Xestal (Ref. Catastral 1234852NG7813S0001TE), a solicitude de **Dona Margarita Fernandez Martinez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion da Xefatura Territorial da Conselleria de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza, con data RE 11 de xaneiro de 2011 N° RE 124, relativo a comunicando incoacion expediente sancionador.

2. Comunicacion da Xefatura Territorial da Conselleria de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza, con data RE 14 de xaneiro de 2011 N° RE 187, relativo a comunicando incoacion expediente sancionador.
3. Comunicacion da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaria Xeral de Calidade e Avaliacion Ambiental, con data RE 13 de xaneiro de 2011 N° RE 164, relativo a acordo do Pleno do Concello de Ribadavia de 25.11.2010.
4. Comunicacion da Conselleria de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza, Direccion Xeral de Emerxencias e Interior, con data RE 13 de xaneiro de 2011 N ° RE 162, relativo a distintivo de permanencia no servizo ao persoal de policia local.
5. Comunicacion do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, Confederacion Hidrofradica Miño-Sil, con data RE 14 de xaneiro de 2011 N° RE 189, relativo a expediente de autorizacion para las obras de reparacion de un muro y de un galpon en zona de policia de la margen derecha del río Avia, en Ferreiros, termino municipal de Ribadavia (Ourense).

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.